



# aula

## ÁLVARO CUNQUEIRO

1911-1981

GL 1991  
LETRAS  
ALEGAS

### a súa vida

**A**lvaro cunqueiro Mora naceu en Mondoñedo o 22 de decembro de 1911. Fixo o bacharelato en Lugo onde coñeceu a Pimentel e a Anxel Fole.

Comezou a carreira de Historia en Santiago e compartiu con Fole as preocupacións estéticas e culturais.

Participa no movemento editorial da poesía da época sacando en Mondoñedo a revista "**Papel e color**", e colabora na prensa e nas revistas **Nós** e **Yunque**.

Vencellouse ao Parrido Galeguista movido polo seu amor á lingua.

Despois da guerra traballou no xornalismo en todo tipo publicacións. Dirixiu durante anos o Faro de Vigo.

Morreu o 28 de xaneiro de 1981 ao pouco de seres nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago.

### a súa obra

#### DON HAMLET

*Benvidos a Elsinor! Para min a pregunta que fai o príncipe, recollendo coa man esquerda a longa cola do seu manto mouro, namentres coa destra aloumiña a propia pálida fronte, é esta.*

*- ¿Pode un home, ó mesmo tempo, ser e non ser? ¿Cantos*

*homes son precisos, no escuro, para facer na luz un só home verdadeiro?*

*- Esta é a cuestión, a caguña, o nó. Aquí fago eu falar a Don Hamlet, príncipe real de Dinamarca. Aquí fago falar ó home.*

**MAR E NORDE** (1932). / **CANTIGA NOVA QUE SE CHAMA RIBEIRA** (1955). / **DONA DE CORPO DELGADO** (1950). / **HERBA DE AQUÍ E ACOLÁ** (1980). / **MERLÍN E FAMILIA** (1955). / **AS CRÓNICAS DO SOCHANTRÉ** (1956). / **SE O VELLO SIMBAD VOLVESE ÁS ILLAS** (1961). / **ESCOLA DE MENCIÑEIROS** (1960). / **XENTE DE AQUÍ E ACOLA** (1971). / **OS OUTROS FEIRANTES** (1971). / **TESOUROS NOVOS E VELLOS** (1964). / **A COCIÑA GALEGA** (1973). / **O INCERTO SEÑOR DON HAMLET, PRÍNCIPE DE DINAMARCA** (1958). / **A NOITE VAI COMA UN RÍO** (1969).